



NOVIEMBRE MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS

MES DA
CIENCIA 2025

Programación de actividades
de divulgación científica
da Consellería de Cultura,
Lingua e Xuventude e
das bibliotecas escolares



XUNTA
DE GALICIA

Tecendo o futuro: Galicia como ecosistema de innovación

Novembro é o mes de celebrar a ciencia en galego e, que mellor lugar para facelo ca nas nosas bibliotecas? Estas centrais do coñecemento son testemuñas de como Galicia conforma un ecosistema singular de I+D+i, e proporcionan un espazo de confluencia único entre a investigación, a innovación e a cidadanía.

Galicia parte dunha posición privilexiada para afrontar os desafíos tecnolóxicos e enerxéticos do

presente. A nosa industria —de automoción, naval, portuaria, agroalimentaria, forestal— é un activo de valor incalculable. Son sectores maduros que están a vivir unha transformación profunda cara á dixitalización e á sostibilidade. Este proceso supón á vez unha oportunidade e unha esixencia: incorporar tecnoloxías emerxentes e, sobre todo, desenvolver tecnoloxía propia.

Como enxeñeira, vexo cada día como a nosa comunidade está a dar ese salto. Ámbitos como a ciencia de datos, a intelixencia artificial, a biotecnoloxía ou o desenvolvemento de novas tecnoloxías de xeración de enerxía



verde están xa a xermolar en centros de investigación e en empresas galegas baseadas no coñecemento. Esta confluencia entre a experiencia industrial e a innovación científica convértese nun laboratorio vivo de solucións para os retos vindeiros.

Para que a transformación requirida avance con solidez, o coñecemento debe chegar a todos os niveis da sociedade. É esencial fortalecer a súa transferencia ao tecido produtivo para que se traduza en valor engadido para Galicia. Pero non só: cómpre reforzar a transferencia social do coñecemento a través da divulgación, da cultura científica e da ciencia cidadá, conectando a investigación coas necesidades reais da cidadanía e fomentando unha sociedade máis informada, crítica e participativa.

As bibliotecas son parte esencial deste ecosistema: non só como espazos físicos, senón como nodos de encontro, conexión social e aprendizaxe permanente. A súa transformación dixital e social facilita que o coñecemento circule, que a ciencia se comparta e que máis persoas participen activamente, proporcionando as ferramentas para seguir aprendendo, cuestionando e creando.

A investigación galega ten capacidade e talento para impulsar este proceso de cambio, e o deber dos que somos docentes e investigadores é manter viva a conexión entre academia, industria e sociedade, promovendo unha cultura baseada na cooperación e na responsabilidade compartida.

A miña vocación como enxeñeira é precisamente conectar o saber co facer: traducir as ideas en proxectos e os coñecementos en aplicacións prácticas que respondan ás demandas da nosa industria e da nosa cidadanía. Na miña opinión, converter o coñecemento en avances concretos, en innovación sostible e en benestar colectivo é o mellor investimento que Galicia pode facer en si mesma.

Novembro de 2025



Concepción Paz Penín é enxeñeira industrial, catedrática e doutora pola Universidade de Vigo. Actualmente dirixe o Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos nesa universidade.

ACTIVIDADES NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS



BIBLIOTECA DE GALICIA

7 de novembro, ás 19:00 horas, na aula I

Proxección do documental *Fontán, o primeiro rostro de Galicia* e conversa con Elena Vázquez, Alberto Fortes e Francisco Alberto Varela

Adentrámonos no fascinante mundo de Domingo Fontán, un visionario científico, impulsor da xeografía moderna, matemático, físico e astrónomo, autor da primeira Carta Xeográfica de Galicia. Para aprofundar na súa figura, participarán na conversa posterior tres estudosos de Fontán: Elena Vázquez, doutora en Ciencias Matemáticas pola USC e docente nesta universidade; Francisco Alberto Varela, profesor do Grupo de Visualización Avanzada e Cartografía da UDC; e Alberto Fortes, escritor e autor do libro *A viaxe xeométrica*, que traça polo miúdo a traxectoria profesional e persoal dunha das figuras máis relevantes da historia de Galicia.

Para público adulto. 20 prazas. [Inscripción previa na web cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal).

8 de novembro, ás 17:00 horas, na aula I

Obradoiro: *E ti de quen vés sendo. Aprende a identificar madeiras xogando*, co INCIPIT/CSIC

Neste obradoiro a rapazada aprenderá xogando sobre arqueobotánica, a ciencia que estuda as plantas que utilizaban as persoas hai moitísimos anos. A rapazada converterase nun equipo investigador do Laboratorio de Arqueobotánica do INCIPIT (CSIC) para descubrir que madeiras se atopan nas escavacións arqueolóxicas. Descubriremos como é por dentro unha árbore, que historias quedan gravadas nos seus aneis, para que se usaba a madeira antigamente e moito máis.

Para público infantil de 8 a 12 anos. 20 prazas. [Inscripción previa na web cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal).



15 de novembro, ás 17:00 horas, na aula I

Obradoiro: *Mago, científico... Por que non as dúas á vez?* co CSIC

A actividade é unha combinación entre un espectáculo de maxia e un obradoiro, xa que os xogos que se realizan no espectáculo serán explicados aos participantes co obxectivo de que, por unha banda, descubran a relación que ten a maxia coa ciencia e por outra banda, aprendan contidos da ciencia que se desenvolve nos centros do CSIC en Galicia.

Con este obradoiro as ciencias transmitense dunha maneira lúdica e os/as asistentes terán a oportunidade de aprender e practicar xogos de maxia.

Para público infantil de 8 a 12 anos. 20 prazas.

[Inscripción previa na web cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal).

21 de novembro, ás 18:00 horas, na aula I

Obradoiro de ilustración para adultos: *Caderno botánico*, con Clara Cerviño

Descobre o apaixonante mundo das plantas a través deste obradoiro de ilustración con acuarela. A natureza sempre nos sorprende con cousas novas e o caderno de debuxo é o medio perfecto para rexistralas. Traballaremos con elementos botánicos, principalmente follas, que aprenderemos a mirar con ollos curiosos e analíticos para despois debuxalas e pintalas con acuarelas ao máis puro estilo do explorador naturalista.

Para público adulto. 20 prazas.

[Inscripción previa na web cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal).

29 de novembro, ás 17:00 horas, na aula I

Obradoiro *Descubre cantos macro e micro plásticos hai no mar*, co Centro Oceanográfico de Vigo, Instituto Español de Oceanografía (IEO), CSIC

Obradoiro divulgativo sobre a presenza e impacto do lixo mariño, baseado no traballo realizado polo Centro Oceanográfico de Vigo. Contaremos con materiais visuais e equipamento empregado polo equipo científico e examinaremos os tipos de lixo mariño recollido polos investigadores. Deste xeito os/as asistentes entenderán que son os macro e os microplásticos, como afectan aos ecosistemas mariños e á biodiversidade e aprenderán como é o proceso de recollida, análise e estudo dos microplásticos na auga, nos sedimentos e nos organismos mariños.

Para público infantil de 8 a 12 anos. 20 prazas.

[Inscripción previa na web cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal).

BIBLIOTECA PÚBLICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÁNXEL CASAL



8 de novembro, ás 12:00 horas,
no salón de actos

Espectáculo Maxia vs. Ciencia, co Mago Paco

Neste espectáculo o Mago Paco mestura dúas disciplinas, a ciencia e a maxia, que a priori non teñen nada en común, pero acabará demostrando o

moito que se parecen e todo o que comparten unha vez que nos achegamos a elas dunha maneira moi diferente e moi divertida.

Coa axuda dun científico locuaz, pero un pouco tolo e fascinado polo mundo dos experimentos e da maxia a partes iguais, descubriremos algúns dos porqués dalgunhas das diferentes partes da ciencia como as matemáticas, o son, a astronomía ou os efectos ópticos e de 3D. Ás veces sen poder case distinguir se verdadeiramente son cousa de maxia ou, pola contra, o que vemos, tocamos ou facemos ten unha explicación científica.

Un espectáculo que trata estes contidos científicos dun xeito práctico, dinámico e moi entretido, interactuando constantemente cos rapaces e rapazas, facéndoos participes, cómplices e protagonistas de cada experiencia ou momento fantástico.

Para nenas e nenos de 3 a 8 anos.

[Entrada libre ata completar a capacidade da sala.](#)



13 de novembro, ás 18:30 horas, no salón de actos

Obradoiro Vacabots: creación de robots sustentables, con Vermislab

Neste obradoiro propoñémosche unha aventura chea de diversión, aprendizaxe e conciencia ambiental. A idea é simple: construírás o teu robot

cos compoñentes técnicos necesarios e, ademais, con materiais reciclados. Todo pode cobrar vida co teu toque creativo.

Cada robot será único, feito con materiais que atoparás na biblioteca, dándolles unha segunda oportunidade. A medida que avances, poderás experimentar con diferentes deseños, inventar novas formas de movemento e deixar voar a túa imaxinación.

A diversión non ten límites! E ademais, aprenderás conceptos fascinantes de ciencia e tecnoloxía mentres te divertes. Tamén incluiremos actividades e preguntas para facerche reflexionar sobre a importancia de reutilizar, reciclar e coidar o medio ambiente.

Para público infantil de 6 a 9 anos. 15 prazas.

[Inscripción na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.](#)

15 de novembro, ás 12:00 horas, no salón de actos

*Espectáculo **Toupiciencia show**, con A Xanela do Maxín*

Toupiña e o seu axudante Protonio, despois de descubrir a ciencia que se fai en Galicia, andan a buscar ás persoas científicas do futuro. Para iso exploran, facendo divertidos e dinámicos experimentos co método científico, promovendo a curiosidade e mostrando a gran importancia que ten facer preguntas para aprender e avanzar, ademais de poñer en valor o galego como lingua científica e gozar coa aprendizaxe e o coñecemento.

Para nenas e nenos de 3 a 8 anos.

[Entrada libre ata completar a capacidade da sala.](#)

20 de novembro, ás 18:30 horas, no salón de actos

*Obradoiro **Ecocápsulas do futuro: supervivencia e tecnoloxía nun clima cambiante**, con Vermislab*

O obradoiro comezará cunha explicación sobre a selección de plantas que axudan a rexenerar o aire e manter a humidade, tales como suculentas, feitos e plantas de baixo mantemento e como contribúen á sostibilidade do micro ecosistema.

A continuación, realizaremos a montaxe do ecosistema na ecocápsula e plantaremos as especies no seu interior. Incluiremos outros elementos naturais que contribúan á estabilidade do ecosistema, como rochas para conservar a humidade e recipientes de auga.

Finalmente, realizaremos as probas, a observación e os axustes finais cun exemplo de domotización de luz e temperatura con electrónica.

Para público infantil de 8 a 13 anos. 15 prazas.

[Inscripción na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.](#)

27 de novembro, ás 18:30 horas,
no salón de actos e no exterior de biblioteca

Obradoiro infantil de astronomía realizado polo Observatorio Astronómico Ramón María Aller da Universidade de Santiago de Compostela

A Óptica Val agasallará cun planisferio celeste a cada asistente.

Para público infantil de 7 a 12 anos. 15 prazas.

Inscripción na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.

27 de novembro, ás 20:00 horas,
no exterior da biblioteca

Observación do ceo nocturno con telescopio realizado polo Observatorio Astronómico Ramón María Aller da Universidade de Santiago de Compostela

A actividade iniciarase ás 20.00h no salón de actos cunha breve explicación sobre o que as persoas participantes van poder avistar.

A continuación, iniciarase no exterior da biblioteca a observación dos astros a través do telescopio, cunha duración aproximada dunha hora.

Para todos os públicos. 25 prazas.

Inscripción na biblioteca desde as 18:00 horas.





BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

8 de novembro, ás 11:00 e ás 12:00 horas (dúas sesións), no espazo de obradoiros da planta baixa

Obradoiro Científicos por un día, con Ciencia Kids

A ciencia proporciona as ferramentas necesarias para comprender mellor o mundo que nos rodea. Fomenta a curiosidade e o sentido crítico. Lanza luz sobre a relación entre os seres humanos e a natureza e lémbra-nos que os recursos naturais non son ilimitados.

Actividade interactiva na que se farán experimentos científicos que todos os participantes poden levar a cabo, despertando o seu interese pola ciencia e a investigación.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas en cada sesión.

[Inscripción previa a través do formulario da páxina web da biblioteca.](#)

15 de novembro, ás 11:00 e ás 12:30 horas (dúas sesións), no espazo de obradoiros da planta baixa

Obradoiro Construción e programación de robots, con Enxeñolabs by Dismedia

O obxectivo da actividade é familiarizar os participantes coas disciplinas STEAM, en concreto coa robótica, na resolución de problemas e na execución de proxectos, fomentando así o gusto e a curiosidade pola ciencia e a tecnoloxía.

A actividade consistirá en construír e programar por bloques un robot, cunha unha metodoloxía activa na que os/as participantes resolverán un reto empregando o material facilitado.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas en cada sesión.

[Inscripción previa a través do formulario da páxina web da biblioteca](#)

22 de novembro, ás 11:00 e ás 12:00 horas (dúas sesións), no espazo de obradoiros da planta baixa

Obradoiro: Vivir nas nubes, con Nuria Prieto

É posible construír con aire?

Pódese vivir dentro dunha nube?

Neste obradoiro propónse aprender a construír nubes a través da tecnoloxía da arquitectura inchable e experimentar o seu espazo interior.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas en cada sesión.

Inscripción previa a través do formulario da páxina web da biblioteca.

29 de novembro, ás 11:00 e ás 12:00 horas (dúas sesións), no espazo de obradoiros da planta baixa


Como deseñar unha cidade: Palitroques, con Víctor González García-Echave

Palitroques é un taller de arquitectura e xeometría aplicada, desenvolvido a partir dun recurso didáctico que se basea nun sistema construtivo de barras e unións para a montaxe de figuras e estruturas.

O obradoiro desenvólvese nun formato de xogo en equipo, no que se deberán superar diversos retos nun tempo determinado, o mesmo que nunha xincana construtiva.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas en cada sesión.

Inscripción previa a través do formulario da páxina web da biblioteca.



BIBLIOTECA PÚBLICA DE LUGO



7 de novembro, ás 18:00 horas,
no salón de actos

Ciencia e ilusión, con David Méndez. Espectáculo
de divulgación científica

Un espectáculo para todas as idades no que o principal obxectivo é sorprendernos coa ciencia de maneira didáctica e divertida. Unha viaxe fantástica onde a bioloxía, a química, a física... mestúranse cos segredos mellor gardados dos magos. Unha viaxe ao fascinante mundo da ciencia desde a perspectiva dun mago do século XXI. Mesturando o misterio e a espontaneidade da maxia co poder da ciencia, servirá para mostrarnos como é posible que un obxecto apareza, desapareza, se transforme ou levite. Embárcate nesta experiencia ilusionante onde non saberás onde acaba a ciencia e comeza a maxia.

Para público infantil de 3 a 12 anos.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

14 de novembro, ás 17:00 horas e ás 18:00 horas
(dúas sesións), no exterior e/ou vestíbulo

Palitroques: obradoiro de arquitectura con Víctor González
García-Echave. Obradoiro de arquitectura e xeometría aplicada

Palitroques é un taller de arquitectura e xeometría aplicada, desenvolvido a partir dun recurso didáctico que se basea nun sistema construtivo de barras e unións para a montaxe de figuras e estruturas.

Xorde da necesidade de levar á práctica materias tan teóricas e abstractas como a xeometría, as matemáticas e a física. Este recurso didáctico, desenvolvido a partir da arquitectura, axudaranos a comprender de xeito fácil e entretido os fundamentos destas materias. O obradoiro desenvólvese nun formato de xogo en equipo, no que se deberán superar diversos retos nun tempo determinado, o mesmo que nunha xincana construtiva.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas en cada sesión.

Inscripción na biblioteca desde o día 10 de novembro.



21 de novembro, ás 17:00 horas e ás 18:00 horas (dúas sesións), na ludoteca


Explora a ciencia con Ciencia Kids. Obradoiro didáctico de ciencia

Obradoiro que promove a cultura científica a través de experimentos dinámicos e demostracións interactivas. Busca estimular a curiosidade e o pensamento crítico, presentando a ciencia como unha ferramenta fundamental para comprender o noso contorno dun xeito divertido.

Unha viaxe para mentes curiosas e corazóns curiosos.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas en cada sesión.

Inscripción na biblioteca desde o 17 de novembro.



28 de novembro, ás 17:00 horas e ás 18:00 horas (dúas sesións), na ludoteca

Obradoiro de primeiros auxilios para mini socorristas, con Lorena Liz Jul. Obradoiro de ciencia

Obxectivo: fomentar a responsabilidade, a empatía e a seguridade desde temperá idade, ensinando a nenos e nenas como actuar en situacións de emerxencia.

A través de actividades dinámicas e adaptadas á súa idade, os e as participantes vivirán unha experiencia formativa na que aprenderán os fundamentos dos primeiros auxilios, incluíndo como pedir axuda, que facer ante determinadas situacións, manobras de reanimación cardiopulmonar (RCP)...

Ao adquirir estes coñecementos, non só se preparan para responder de forma adecuada e sen pánico ante unha emerxencia, senón que tamén contribúen a construír unha cultura de prevención e coidado que os acompañará durante toda a súa vida.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas en cada grupo.

Inscripción na biblioteca desde o día 24 de novembro.

MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS Todo o mes de novembro

Á luz da ciencia

Selección de libros de temática científica destinados ao público adulto.

Lugar: vestíbulo do andar 0 - área de acollida.

Ciencia divertida

Selección de libros de temática científica destinados ao público infantil.

Lugar: vestíbulo da sala infantil - andar 1.





BIBLIOTECA PÚBLICA DE OURENSE NÓS

4, 18 e 25 de novembro, ás 18:00
horas, na sala de actividades infantil

Contos con ciencia: historias para descubrir o mundo, contacontos con Susana

Unha actividade de contacontos que mestura imaxinación e divulgación científica. A través de narracións cheas de curiosidade, as nenas e nenos coñecerán inventos, fenómenos naturais e grandes descubrimentos de forma divertida. Cada conto propón pequenos experimentos, xogos e preguntas para estimular a observación, a creatividade e o pensamento crítico.


Para público infantil de 4 a 6 anos. 15 prazas. [Inscripcións desde o venres anterior ás 9:00 horas no 988 788 385 ou 988 788 386.](#)

15 de novembro, ás 12:00 horas, na sala de
actividades infantil

Vacabots, creación de robots sustentables con Vermislab

Neste obradoiro propoñémosche unha aventura chea de diversión, aprendizaxe e conciencia ambiental, perfecta para gozar en familia. A idea é simple: nós proporcionámosche os compoñentes técnicos para construír o teu robot (motores, rodas, batería...), e ti traes o máis importante: os teus materiais reciclados! Botellas, caixas, tapas, cartón... todo pode cobrar vida co teu toque creativo. E ademais, aprenderás conceptos fascinantes de ciencia e tecnoloxía mentres te divirtes. Tamén incluiremos actividades e preguntas para facerche reflexionar sobre a importancia de reutilizar, reciclar e coidar o medio ambiente.

Para público infantil de 7 a 12 anos. 15 prazas. [Inscripcións desde o venres anterior ás 9:00 horas no 988 788 385 ou 988 788 386.](#)



22 de novembro, ás 12:00 horas, na sala de actividades infantil

*Obradoiro **Plastilina condutiva**, con Vermislab*

A plastilina condutiva é unha masa de experimentación que permite crear circuitos eléctricos básicos. Prepárase con ingredientes como fariña, sal, auga, aceite e limón, e cocíñase ata obter unha consistencia similar á da plastilina tradicional. A condutividade eléctrica provén do sal e o limón, que actúan como electrólitos para permitir o paso da corrente eléctrica.

Para nenos e nenas de 7 a 12 anos. 15 prazas. **Inscricións desde o venres anterior ás 9:00 horas no 988 788 385 ou 988 788 386.**

MOSTRAS E CENTROS DE INTERESE

Do **1** ao **30** de novembro, no espazo de exposicións da planta baixa

A ciencia que nos explica

Unha selección de libros que nos axudan a entender o mundo: o universo, o corpo humano, a tecnoloxía e os avances que transforman a nosa vida. Un convite a mirar a realidade con ollos curiosos e pensamento crítico.

Para público adulto.


Do **3** ao **29** de novembro, na sala infantil (planta baixa)

Pequenos científicos, grandes preguntas

Libros divertidos e cheos de descubrimentos para nenas e nenos que queren saber o porqué de todo.

Experimentos, curiosidades e historias que espertan a imaxinación e fan da ciencia unha aventura emocionante.

Para público infantil de 6 a 14 anos.





BIBLIOTECA PÚBLICA DE PONTEVEDRA ANTONIO ODRIOZOLA

7 de novembro, ás 18:00 horas, no espazo de actividades da planta baixa

Explorania, con Mekané

Crearemos unha escola de auténticas exploradoras e exploradores que deberán superar unha serie de obstáculos para sobrevivir a unha aventura na xungla. Que facer para soportar a calor máis abrasadora e o frío máis intenso? Como enfrontarnos aos animais perigosos?

Aprenderemos unha chea de trucos para sobrevivir nas situacións máis adversas. Tamén coñeceremos a historia das exploracións máis destacadas, as cidades perdidas, tribos estrañas, civilizacións desaparecidas...

Explorania será unha aventura inesquecible!

Para público infantil de 5 a 10 anos. 20 prazas.

Inscripción previa na páxina web da biblioteca a partir do 29 de outubro ás 9:00 horas.

8 de novembro, ás 11:00 horas, no espazo de actividades da planta baixa

Taller de ilustración, co CSIC

Este obradoiro de ilustración científica é unha invitación para entrar no mundo vexetal microscópico. Aprenderemos a identificar algunhas estruturas celulares que se ilustrarán por medio de acuarrelas e lapis. Abordaremos as nocións básicas desta técnica e, co propósito de inspirar, exporemos algúns exemplos históricos nos que a ilustración e a microscopía foron da man.

Para público xuvenil, a partir de 16 anos, e adulto. 15 prazas.

Inscripción previa na páxina web da biblioteca a partir do 30 de outubro.



14 de novembro, ás 18:00 horas, no espazo de actividades da planta baixa

Miúda ciencia, con Reviravolta

Neste taller a cativada aprenderá a través da experimentación, a participación e sobre todo a diversión, conceptos científicos de maneira tanxible e visual. Aprenderán experimentos sinxelos e entretidos, que incluso poidan facer na casa, e empregando obxectos e materiais cotiáns que lles permitirán entender e lembrar máis facilmente o aprendido.

Para público infantil, de 4 a 6 anos. 15 prazas.

Inscripción previa na páxina web da biblioteca a partir do 5 de novembro.

21 de novembro, ás 18:00 horas, no espazo de actividades da planta baixa

Olimpiada tecnolóxica de robótica creativa. Obradoiro con Jóvenes Científicos

Nenos e nenas participantes nesta olimpiada deseñarán un coche con pezas de lego, aprenderán a programalo e porano a competir nunha carreira. Amosarán a súa creatividade personalizando e adornando o seu modelo.

Para público infantil, de 9 a 14 anos. 15 prazas.

Inscripción previa na páxina web da biblioteca a partir do 12 de novembro.

28 de novembro, ás 18:00 horas, no espazo de actividades da planta baixa

Contos en figuras luminosas. Obradoiro con Jóvenes Científicos

A rapazada deseñará figuras decorativas con luz sobre distintas superficies, aprendendo a contar a súa historia con varias tecnoloxías (leds e electromluminiscencia principalmente). No futuro poderán deseñar os seus propios traxes intelixentes (*wereables*) con sensores de luces.

Para público infantil, de 9 a 14 anos. 15 prazas.

Inscripción previa na páxina web da biblioteca a partir do 19 de novembro.





BIBLIOTECA PÚBLICA DE VIGO JUAN COMPAÑEL

8 de novembro, ás 12:00 horas, na sala infantil

Arquitectura de emerxencia. Obradoiro de construción para mini arquitectos, con Nuria Prieto

Que pasaría se fose posible levar unha casa na que vivir debaixo do brazo? Dobrada e con pouco peso. Parece algo imposible, xa que unha casa está formada por unha suma de espazos bastante grandes. Pero encartando de forma adecuada os "muros", unha casa para catro ou seis persoas pode ocupar o espazo dunha mochila grande. Como é posible? Hai moitos deseños de casas pregables e estes poden modificarse segundo as necesidades: pódense pintar de cores, abrir xanelas, colocar mobles e moito máis para convertelo de verdade nun fogar.

Para público infantil, de 6 a 12 anos.

Inscripción previa no teléfono 886 120 445 ou na propia biblioteca.

15 de novembro, ás 12:00 horas,
na sala infantil

Explora a ciencia, con Ciencia Kids


Obradoiro que promove a cultura científica a través de experimentos dinámicos e demostracións interactivas.

Busca estimular a curiosidade e o pensamento crítico, presentando a ciencia como unha ferramenta fundamental para comprender o noso contorno dun xeito divertido.

Unha viaxe para mentes curiosas e corazóns curiosos.

Para público infantil, de 4 a 12 anos.

Inscripción previa no teléfono 886 120 445 ou na propia biblioteca.



22 de novembro, ás 12:00 horas, na sala infantil

A fórmula da ilusión, co Mago Paco

Neste espectáculo, o Mago Paco mestura dúas disciplinas: a ciencia e a maxia, que a simple vista parecen non ter nada en común. Pero acabará demostrando o moito que se parecen e todo o que comparten cando nos achegamos a elas dunha maneira diferente e moi divertida.

Para público infantil de 6 a 12 anos.

Inscripción previa no teléfono 886 120 445 ou na propia biblioteca.

30 de novembro, ás 12:00 horas,
na sala infantil

Sharing a shell, con Academia Bastón

Sesión de divulgación científica en inglés.

Para público infantil de 6 a 12 anos.

Inscripción previa no teléfono 886 120 445
ou na propia biblioteca.

5, 12, 19 e 26 de
novembro, ás 18:00 horas, na
sala infantil

*Obradoiros do mes da ciencia, con
Anias*

-5 de novembro - Viaxe á lúa (4 a 7 anos).

-12 de novembro - Diverciencia (8 a 12
anos).

-19 de novembro - Ciencia animal (4 a 7 anos).

-26 de novembro - Bombas de sementes
(8 a 12 anos).

Inscripción desde o 29 de outubro no teléfono
886 120 445 ou na propia biblioteca.



EXPOSICIÓNS E MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS

Todo o mes de novembro

Facer fácil o difícil: libros e divulgación científica

Exposición bibliográfica sobre a divulgación científica e algúns dos seus fitos e *best-sellers*.

Lugar: zona de exposicións da biblioteca. Para todos os públicos.

Jane Goodall e os primos primates

Exposición temática sobre a científica Jane Goodall e algunhas das súas colegas primatólogas que nos axudaron a coñecer mellor os nosos primos primates.



A furgoteca!!!

BIBLIOTECAS MÓBILES DE LUGO E OURENSE



Ao longo das rutas que recorren 30 concellos de Lugo e Ourense, as furgotecas levan libros, diversión e coñecementos científicos aos nenos e nenas dos colexios e casas niño, ás persoas usuarias das residencias, centros de día e casas do maior e a toda a veciñanza que se achega en cada parada.

Toda a información sobre rutas e actividades en: <https://bibliotecas.xunta.gal/gl/furgoteca>.

A FURGOTECA DE LUGO

26 de novembro, ás 11:10 horas, no CPI Uxío
Novoneyra de Folgoso do Courel

28 de novembro, ás 11:00 horas, no CEIP Eduardo
Cela Vila de Triacastela

Libro de experimentos abracadabrantes de Hugo Comas

Sergio Castro e Carmen Rodríguez escribiron o “Libro de experimentos abracadabrantes de Hugo Comas”.



Nesta presentación, o @profesor10demates vai realizar unha serie de experimentos que axudarán a comprender conceptos científicos. Realizaremos unha experiencia literaria e científica do máis divertida. Intercalaremos o proceso creativo da novela; personaxes, atmosfera e trama, coa realización de sorprendentes experimentos.

Advertencia: trala experiencia científico - literaria as persoas asistentes desprenderán tanta luz como xigantescos vagalumes. Non teman, o efecto secundario desaparece en apenas uns días.

Actividade aberta a todo o público.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

A FURGOTECA DE OURENSE SUR

4 de novembro, ás 11:00 horas, no CEIP dos Blancos

Directas ao espazo, con 1,2,3 A Contar: Trémola

A nosa protagonista está convencida de que a mellor mascota do mundo vive no espazo. O seu pai e a súa nai deciden falarlle de dúas mulleres fascinantes que conseguiron ir directas ata alí. Será capaz de chegar a ser unha auténtica astronauta?

Historia inspirada nas astronautas Valentina Tereshkova, primeira muller en ir ao espazo, e Sara García Alonso, primeira astronauta española.

Actividade aberta a todo o público.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

5 de novembro, ás 11:30 horas,
no CEIP Vicente Risco de Cualedro

A muller na ciencia, con As Curuxas

Esta actividade dará a coñecer a tres mulleres moi relevantes dentro do campo da física. Ademais, o público participante levará a cabo tres pequenos experimentos desta disciplina para poder entender mellor o mundo que nos rodea e espertar a curiosidade. Coñecer referentes

femininos na ciencia é un paso clave para fomentar o interese polas STEM nas máis pequenas.

Actividade aberta, recomendada para maiores de 10 anos.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.



5, 7, 10, 11, 12 e 14 de novembro, nas paradas dos colexios



Aeronáuticos, obradoiro creativo

Xogamos a ser enxeñeiros aeronáuticos desafiando as leis da física: construímos avións e helicópteros con papel usado... Os primeiros son máis coñecidos, pero poucos saben facelos perfectamente aerodinámicos. Os segundos sorprenderán á cativada. Cal voa mellor? Por que?

Actividade aberta, recomendada para nenos e nenas a partir de 10 anos e público xuvenil.

[Entrada libre ata completar a capacidade da sala.](#)

5, 7 e 12 de novembro, nas paradas das casa niño

RoBote

Xogamos a crear un robot. Para iso, usaremos un bote de refugallo e varios imáns para unir as diferentes partes que conforman o corpo deste ser mecánico. Un xogo para manipular e crear unha divertida personaxe.

Actividade aberta, recomendada para público infantil.

[Entrada libre ata completar a capacidade da sala.](#)

14 de novembro, ás 11:15 horas, no CEIP de Oímbra

Mente científica con Gemola

A ciencia é un mundo marabilloso con cousa increíbles e indescribíbles por facer e por descubrir.

Un eido no que as mulleres teñen e tiveron un papel fundamental, ás veces invisible, que poderás descubrir dun xeito divertido. Ver, escoitar, experimentar, preguntar, buscar, crear... Dálle unha volta ao teu cerebro, convértete por un día nunha “mente científica”.

Actividade aberta, recomendada a público entre 5 e 10 anos.

[Entrada libre ata completar a capacidade da sala.](#)

A FURGOTECA DE OURENSE OCCIDENTAL

7 de novembro, ás 10:00 horas,
no CEIP Valle Inclán de Muíños

A muller na ciencia, con As Curuxas

Nesta actividade os nenos e nenas participantes coñecerán tres mulleres moi relevantes dentro do campo da física e levarán a cabo tres pequenos experimentos desta disciplina para poder entender mellor o mundo que nos rodea e espertar a curiosidade. Coñecer referentes femininos na ciencia é un paso clave para fomentar o interese polas STEM nas máis pequenas.

Para nenos e nenas a partir de 6 anos e mocidade.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

25 de novembro, ás 12:00 horas, no CEIP de Sarreaus

A alquimista, con Cristina Collazo

Entre pocións, plantas e libros mora acubillada Flora, unha muller que emprega procedementos experimentais e mesturas explosivas practicando a alquimia moderna! Aprenderedes a facer experimentos básicos e coñeceredes inventoras das que nunca oístes falar. Atrévedesvos a entrar no seu laboratorio?

Para todos os públicos.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

25 de novembro, ás 10:30 horas, no CEIP Carlos Cid Arregui de Rairiz de Veiga

Directas ao espazo, con 1,2,3 A Contar: Trémola

A nosa protagonista está convencida de que a mellor mascota do mundo vive no espazo. O seu pai e a súa nai deciden falarlle de dúas mulleres fascinantes que conseguiron ir directas ata alí. Será capaz de chegar a ser unha auténtica astronauta? Historia inspirada nas astronautas Valentina Tereshkova, primeira muller en ir ao espazo, e Sara García Alonso, primeira astronauta española.

Para nenas e nenos a partir de 4 anos.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.



A CIENCIA COS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA




Ao longo do mes de novembro conmemórase nos centros educativos o Mes da Ciencia en Galego con diferentes actividades que lle permiten ao alumnado achegarse a este fascinante mundo, conectar os coñecementos teóricos coa vida real e, sobre todo, mergullarse no ámbito científico-tecnolóxico dun xeito práctico e lúdico. A razón principal de celebrar o Mes da Ciencia en Galego é visibilizar a utilidade do galego como lingua de investigación e divulgación, derrubar prexuízos, ampliar vocabulario técnico e facer da nosa lingua un elemento útil e transformador.

A colaboración entre os equipos de dinamización da lingua galega e as bibliotecas escolares é o eixe vertebrador de multitude de obradoiros, conferencias, exposicións de traballos, concursos... para divulgar o coñecemento científico e concienciar sobre a súa importancia entre o alumnado de todas as idades.

En Galicia, o 4 de novembro celébrase o Día da Ciencia en Galego en honor ao Padre Feijoo, pola súa defensa da ciencia baseada na razón e na experiencia e polo seu espírito crítico. O principal obxectivo desta efeméride é pór en valor o galego como lingua de comunicación e de aprendizaxe científica.

A continuación, móstranse diferentes propostas e actuacións coas que traballamos en prol deste obxectivo:



Certames de vídeos

<https://www.lingua.gal/ciencia-galego-colmeiro>



Proxectos

<https://www.lingua.gal/pontenciencia-2025>

<https://www.lingua.gal/flora-colmerica>

<https://www.lingua.gal/ciencia-os-tilos>



Audiovisuais

<http://lingua.gal/cientificas-olveira>

<https://www.lingua.gal/ods-centieiras>



Intelixencia artificial

<https://www.lingua.gal/mulleres-na-ciencia-ribeira>





Experimentos

<https://www.lingua.gal/mes-da-ciencia-o-areal>

<https://www.lingua.gal/petiscos-de-ciencia-baio>



Podcast e programas de radio

<https://www.lingua.gal/radio-moneiros-galileo>

<https://www.lingua.gal/podcast-cambio-climatico-barxas>



Xogos e retos

<https://www.lingua.gal/pasapalabra-auga>

<https://www.lingua.gal/taumatropo>



Obradoiros

<https://www.lingua.gal/ciencia-nas-bibliotecas-carballo>



Videoconferencias de Igaciencia

<https://www.lingua.gal/videoconferencias-igaciencia-2025>

<https://www.lingua.gal/ciencia-en-galego-2025>




Novos poliedros de Igaciencia

<https://www.lingua.gal/novos-poliedros-igaciencia>



Outros recursos dos EDLG

www.lingua.gal/ciencia-no-portal-da-lingua



MES DA CIENCIA NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES 2025

Desde a creación do Plan de mellora de bibliotecas escolares (2005) procurábase a integración das ciencias e das humanidades a través de diversas actividades e da actualización da colección das bibliotecas dos centros educativos galegos de nivel non universitario. Especificamente, dedicáronse varias campañas anuais a facer visibles as oportunidades que ofrece a biblioteca escolar para o traballo das disciplinas científicas dende varias perspectivas: *Biblioteca escolar, acelerador de innovación* (2012/13), *Ler ciencia na biblioteca escolar* (2013/14), *Biblioteca escolar... matemático!!!* (2014/15), *Biblioteca escolar, base de exploracións* (2015/16), *Aprender a pensar coa biblioteca escolar* (2017/18), *Biblioteca escolar, viveiro de cidadanía* (2019/20).

O lema elixido para o presente curso escolar é *Biblioteca Escolar + deseño = viaxe á creatividade*. Este lema abre as portas a traballar o deseño e a creatividade en todas as súas variantes. Así, as bibliotecas escolares promoverán a aprendizaxe visual, a creatividade e a comunicación a través do deseño.

Como resultado destas campañas aumenta considerablemente o número de actividades relacionadas coa ciencia nas bibliotecas escolares. Son moitos os científicos e científicas de diversas especialidades que, anualmente, son convidados a impartir charlas relacionadas con proxectos de investigación que se desenvolven nos propios centros baixo a coordinación da biblioteca escolar; así mesmo, aumentan as propostas de actividades que implican máis lectura de divulgación científica e maior número de traballos de investigación científica por parte do alumnado. En consecuencia, aumentan tamén os recursos de contido científico en distintos soportes e formatos que as bibliotecas albergan nas súas coleccións para intentar cubrir as necesidades destas disciplinas.



No marco dos Clubs de lectura impulsados desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares cómpre salientar que case un terzo son temáticos, entre os que se atopan moitos de índole científica. Ademais, entre os 50 títulos máis lidos no curso 2023/24 aparecen varias lecturas de ficción con contidos científicos como *Azucré* (Bibiana Candia), *Non penses nun elefante rosa* (Antía Yáñez), varios títulos da serie *Microalgas: Máis alá da Terra, O mar de Ardora e O mundo oculto* (Xulia Pisón) e *A proba de auga* (Anémona de Río).

Web: ciencia en galego nas bibliotecas

Para apoiar a conmemoración do mes de novembro como Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas, desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares mantense un portal cunha selección de materiais relacionados coa ciencia en galego: <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=ciencia>



Seleccións de materiais sobre ciencia en galego

Dende a Asesoría de Bibliotecas Escolares selecciónanse materiais susceptibles de formar parte da colección das bibliotecas dos centros. Cómpre, neste sentido, destacar a coidada selección de maletas viaxeiras que son ofrecidas en préstamo temporal aos centros sobre as seguintes temáticas: Ciencias (para Educación Primaria e Educación Secundaria), Matemáticas (tamén para as dúas etapas educativas), Economía, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Literatura de non ficción. Para o curso 2025/26 continúaase coa actualización dos contidos destas maletas engadindo publicacións máis recentes realizadas con perspectiva de xénero, para acoller libros que contemplan a figura das científicas nos diversos campos.

Pódese acceder ao contido das maletas no enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/maletas/>



Literatura de non ficción en galego

Dende a Asesoría de Bibliotecas Escolares mantense unha selección de libros de divulgación científica publicados en galego e moi demandados desde as bibliotecas dos centros educativos para poder cubrir as necesidades informativas do alumnado e apoiar os seus traballos de investigación.

Pódese acceder a esta selección na seguinte ligazón: <https://es.pinterest.com/bescolaresgal/ciencia-en-galego/>



A plataforma de libro dixital E-LBE.2

E-LBE.2 é un servizo que poden ofrecer as bibliotecas escolares dos centros educativos galegos dependentes da Consellería de Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que participan no programa PLAMBE. Trátase dunha plataforma de lectura e préstamo de contidos dixitais que enriquece as coleccións das bibliotecas escolares cun volume actual de máis de 4300 títulos que están dispoñibles para ler en pantalla, en todo tipo de dispositivos (computador e dispositivos móbiles), en calquera momento e

lugar, para todas as persoas usuarias (profesorado, alumnado e familias) destas bibliotecas escolares.



Os fondos de E-LBE.2 son variados, actuais e están seleccionados atendendo aos criterios que, en xeral, seguen as bibliotecas escolares galegas. Entre eles atopamos non só títulos de literatura de ficción senón tamén numerosos materiais textuais de literatura de non ficción, moitos deles de contidos científicos. A selección, xestión e control dos contidos, e a súa actualización coordinanse desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares.

Pódese acceder á plataforma E-LBE.2 a través da seguinte ligazón:

<https://bega-elbe2.edu.xunta.es/>

Programa Biblioteca Creativa

Para o curso 2025/26, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, no contexto das actuacións do Plan LIA de bibliotecas escolares, vén de publicar unha nova convocatoria do programa Biblioteca Creativa que apoia a introdución, dentro da biblioteca escolar, dun espazo de creación e experimentación en centros que matriculen alumnado de ensino infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e/ou formación profesional, tanto en réxime ordinario como aprendizaxe permanente, ou ensinanzas artísticas, idiomas e deportivas. Esta convocatoria ten como obxectivo dotar aos centros dos recursos e materiais axeitados para estimular e ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral,

a alfabetización múltiple, o razoamento lóxico, a aprendizaxe manipulativa, o xogo, a investigación e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado. Este programa está a promover a aparición de novos espazos dentro da biblioteca, entre os que destaca a sección de ciencias, con materiais e



fondos que facilitan a investigación e a experimentación do alumnado. Neste curso 2025/26 participarán no programa Biblioteca Creativa arredor de 211 centros, integrados previamente no Plan de mellora de bibliotecas escolares.

Pódese acceder a máis información sobre este programa na ligazón: <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=category/19/86>



Metodoloxías activas e traballos por proxectos

Co fin de estimular a realización de traballos mediante a metodoloxía de proxectos, impulsados ou coordinados desde as bibliotecas escolares, vense convocando dende o curso 2013/14 o Concurso de Traballos por Proxectos, destinado aos centros públicos non universitarios, con distintas modalidades e temáticas. No curso 2024/25, convocouse o XI Concurso de Trballo por Proxectos, ao que se presentaron 62 traballos. Moitas das candidaturas que se recibiron nos últimos anos centran as súas investigacións en temas científicos ou combinanos cos humanísticos.

Nesta ligazón pode accederse á listaxe de traballos premiados na X edición (2023/24):

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/1816>



INICIO IDENTIFICARSE

E-LBE.2 LECTURA DIXITAL PARA AS BIBLIOTECAS ESCOLARES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

KUNTA DE GALICIA

LA LLAMA DE MILETO

VIRUS. La guerra de los mil millones de años

De Tales a Newton

Historia do ADN

Terra

Introdución ás relatividades de Einstein

Cómo crear un ser humano

Yo contengo multitudes

El sueño de Sancho

El cerebro bilingüe



MES DA CIENCIA!

Consulta todas as datas na
Axenda de Cultura de Galicia:

www.cultura.gal/axenda

DL: C1679-2025



XUNTA
DE GALICIA



NOVENBRO MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS

MES DA
CIENCIA 2025

Programación de actividades
de divulgación científica
da Consellería de Cultura,
Língua e Xuventude e
das bibliotecas escolares



XUNTA
DE GALICIA

